



## Semifinais dunha nova xeopolítica global

### Description



**En América Latina, a tensión nos Andes, agravada no plano externo pola expulsión dos embaixadores estadounidenses en La Paz e Caracas e no interno pola multiplicación de incidentes violentos nos departamentos da Media LÃªa boliviana que controlan as forzas opositoras ao presidente Morales, estÃ¡ a provocar reaccións politicamente intensas.** (Foto: Patrick Duddy, embaixador de EEUU en Venezuela, cuxa expulsión do paÃs foi ratificada por Hugo ChÃ¡ves o 13 de setembro de 2008).

A recta final da campaña para as eleccións presidenciais estadounidenses, previstas para novembro próximo, coincide co agravamento da crise económica e financeira interna, de consecuencias incertas no plano global, e a exacerbación das tensións en diferentes puntos do escenario internacional onde EEUU desempeña un papel significativo, deixando constancia, entre outras variables, das múltiples tendencias, manifestacións e tamón resistencias, que suscita a confirmación desa multipolaridade que, pouco a pouco e inevitablemente, vaise abrindo camiño no sistema internacional.

Dunha banda, en América Latina, a tensión nos Andes, agravada no plano externo pola expulsión dos embaixadores estadounidenses en La Paz e Caracas e no interno pola multiplicación de incidentes violentos nos departamentos da Media LÃªa boliviana que controlan as forzas opositoras ao presidente Morales, estÃ¡ a provocar reaccións politicamente intensas que, probablemente, coas negociacións en curso, non se agravarán moito máis agora que a Bush soamente lle quedan poucos meses de mandato, se ben achéganos novidades significativas como a reunión de Chile de UNASUR (Unión de Nacións Suramericanas) e a solidariedade da práctica totalidade dos países da rexión que, ao tempo, decidiron revalidar a condición mediadora de Brasilia que se afianza como un interlocutor clave, tamón no eido da resolución de conflitos. Bolivia foi, precisamente, o primeiro país en ratificar o Tratado Constitutivo desta nova plataforma integradora, da que EEUU estÃ¡ excluído.

Chá vez propuxo hai meses fortalecer a cooperación entre Venezuela, Brasil e Arxentina mediante a creación dun eixe central do sur que sumar as capacidades económicas dos dous últimos (que representan máis da metade do total rexional) e ese dinamismo e influencia política de Caracas que segue medrando en intensidade en razón dunha utilización do recurso petrolero que está transformando a xeopolítica rexional. As sombras que pesan sobre esta proposta de cooperación son moitas xa que tanto Brasilia como Bos Aires marcan distancias con respecto ás visións de Chá vez a propósito da integración e Lula ansía fortalecer en solitario a súa posición rexional e internacional a todos os niveis, concedendo prioridade diplomática a EEUU, a UE e China, fundamentalmente, distanciándose da belixerancia verbal do líder bolivariano.

Pola contra, entre os grandes, hoxe considerados economías emerxentes, Caracas semella dirixir a súa mirada cara Moscova, onde Medvedev e Putin soñan con recuperar parte da influencia perdida nun ámbito de tradicional e predominante presenza estadounidense. O día 7 do mes pasado, Chá vez anunciou que catro barcos de guerra de Rusia con máis dun milleiro de efectivos a bordo, visitarán Venezuela a finais de novembro, realizando manobras militares no Caribe xunto coa Marina venezolana. Sen compartir discurso ideolóxico algún, o que une a uns e a outros é o interese común en contrarrestar a ofensiva de EEUU nos campos militar e diplomático para garantir, a toda costa, o seu preponderante dominio mundial.

En China, país que visitou a finais de setembro por sexta vez consecutiva, Chá vez segue avanzando na plasmación de acordos económicos, culturais, tecnolóxicos e tamén militares, aínda que atopa máis e abertas resistencias para sumar o xigante asiático á súa teima antiimperialista. Así mesmo, Pequín procura ir con moito tento no seu achegamento a América Latina, onde a súa influencia económica e política non para de medrar, coidando sempre de que esa presenza, que rapidamente evoluciona do económico ao político, non sexa interpretada polo veciño do Norte como un intento de afectar os seus tradicionais intereses. O diálogo político bilateral entre EEUU e China sobre América Latina, que funciona dende hai algúns anos, servíulle a China para calmar as críticas dos conservadores estadounidenses que clamaban contra a presenza oriental no estratégico canal de Panamá e a ofensiva sobre as materias primas do continente.

## O regreso de Rusia

Rusia, pola contra, recolleu o envite. Primeiro, en Xeorxia, deixando en claro que mesmo está considerando a ampliación do seu apoio ao plan nuclear iraniano para enfrontarse á expansión da OTAN cara o Leste e a presenza de buques de guerra estadounidenses no Mar Negro. Segundo, e coincidindo coa visita do vicepresidente Cheney á zona, axitando as augas da política ucraína, onde a ruptura da coalición de laránxa gobernante, por mor do enfrontamento entre os partidarios do presidente Yushenko e a primeira ministra Tymoshenko, abre novos horizontes de convulsión política. Nesa ebulición, a viraxe da coalición de Tymoshenko cara o opositor e prorruso Partido das Rexións de Yanukovich aventura novas crises políticas e unha probable anticipación das eleccións que deixará en suspenso a hipotética inminencia dunha aproximación á OTAN, que Washington quer adiantar para decembro no caso de Xeorxia.

O terceiro pilar desa resposta conduce de novo, directamente, ao Caribe e América Latina, onde Rusia ansía fortalecer a súa cooperación militar. Nunha recente visita a Cuba, Nikolai Patrushev, secretario do Consello de Seguridade da Federación Rusa, trasladou a Raúl Castro a mensaxe de Putin, é dicir, a ambición de restaurar posicións en Cuba e noutras rexións do mundo, incluída a posibilidade de estacionar tropas. A zona caribeña é unha cabeza de ponte de EEUU para controlar América Latina no económico e no militar. A visita da mariña rusa a Venezuela e as manobras conxuntas das armadas dos dous países constitúen un xesto destinado a evidenciar aos barcos de guerra de EEUU que o tempo de navegar sen impedimento algún no mar Caribe, podería estar chegando ao seu fin, máis aínda no caso de establecense bases de abastecemento en Venezuela, realizando manobras ou patrullando a zona, pondo fin á actual superioridade absoluta que ostentan na rexión e coa conseguinte perda de capacidade de disuasión militar en América Latina.

Por outra banda, as posibilidades dunha implicación de Moscova en materia de cooperación enerxética con países como Venezuela, Bolivia e Ecuador e a aposta pola organización dunha OPEP do gas natural, facilitaralle maiores capacidades para encararse con EEUU e a UE, forzando unha negociación á alza das súas expectativas co horizonte de acercar posicións caso de gañar as eleccións de novembro o candidato democrata.

## ¿Beneficios para China?

No outro extremo do globo, en Asia, mentres Xapón vive un novo episodio de crise interna trala dimisión do primeiro ministro Yasuo Fukuda, China, en plena resaca olímpica, contempla as subidas de ton entre Washington e Moscova como

excesos verbais cun futuro aÃnda incerto pero descartando a reediciÃ³n dunha nova guerra frÃa en funciÃ³n da necesidade comÃ³n de ambas de partes de albiscaar unha forma de entendemento. PequÃn, aÃnda amosando o seu apoio a Rusia na crise do CÃjucaso e nas sÃ³as crÃticas aos plans da OTAN, baixo ningÃ³n concepto vai deixarse arrastrar polos cantos de serea de Moscova. Na recente reuniÃ³n da OrganizaciÃ³n de CooperaciÃ³n de Xangai (OCX), celebrada en TadxiquistÃn, tanto PequÃn como as demais capitais de Asia Central, eludiron apoiar o recoÃ±ecemento unilateral das independencias de Osetia do Sur e Abxasia. Tema complexo para China cando a sÃ³a integridade territorial estÃ permanentemente en cuestiÃ³n-, outeando que un mutuo desgaste de ambas potencias afiance a sÃ³a credibilidade diplomÃtica global e facilite mesmo a satisfacciÃ³n dos seus intereses enerxÃticos. De feito, se estas diverxencias, as primeiras serias da OCX dende a sÃ³a creaciÃ³n en 2001, dan conta da relativa febleza desta alianza, PequÃn poderÃa verse beneficiada polas reticencias, cada vez maiores, dos paÃses centroasiÃticos que privilexiaban a Rusia na sÃ³a polÃtica de comercializaciÃ³n dos recursos petroleiros, e que agora, ante a inestabilidade que suxire a tensiÃ³n con Occidente, optarÃan por achegarse a China. Actualmente, PequÃn constrÃ³e un gasoduto para transportar o gas a travÃ³s de UzbequistÃn e KazajstÃn, e xa acordou a compra anual de ata 40.000 millÃ³ns de metros cÃbicos de gas a TurkmenistÃn.

Se China, co seu discurso de emerxencia pacÃfica e harmonÃa, empeÃada en afianzar o seu crÃdito como potencia responsable dada a sÃ³a maior dependencia do exterior (petrÃleo e outras materias primas, ademais de investimentos), exclÃ³e arriscar hoxe secundando alianzas que prexudiquen as sÃ³as credencias diplomÃticas no plano global, cÃmpre non perder de vista, por outra banda, os diferentes movementos que apuntan Ã vertebraciÃ³n dunha relaciÃ³n preferente USA-China, conformando unha especie de G2 que asuma a direcciÃ³n econÃmica global.

A base dese entendemento radica no diÃlogo econÃmico estratÃxico bilateral posto en marcha en 2006 no cumio celebrado en Washington por Hu Jintao e George Bush, ante a multiplicaciÃ³n das tensiÃ³ns entre ambos paÃses en asuntos de especial transcendencia como o dÃficit comercial estadounidense, a convertibilidade do iuÃn (moeda chinesa) ou a liberalizaciÃ³n do sector financeiro no xigante asiÃtico. A creaciÃ³n dun G2 foi suxerida hai algÃ³n tempo por Fred Bergsten, director do Instituto Peterson para a EconomÃa Internacional, quen propuÃa tamÃ³n a ampliaciÃ³n do G8 ata sumar un total de quince paÃses. Ese entendemento bilateral entre EEUU e China, excluÃndo a Rusia, aÃnda Ãjs portas da OMC, abundarÃa nunha alianza que tamÃ³n se trasladarÃa a outros planos co propÃsito de afianzar a compresiÃ³n e confianza estratÃxicas.

Todos estes trÃnsitos, revalidados por informes como o presentado en xullo pasado por Albert Kleidel, ex economista do Banco Mundial, no que vaticina que a produciÃ³n de China superarÃ a estadounidense en 2035, podendo chegar a duplicala en 2050, inciden nesa pugna xeopolÃtica global que debuxarÃ un novo escenario, inÃdito, e que as diversas resistencias das forzas interesadas en manter o actual statu quo dificilmente lograrÃn impedir adoptando acciÃ³ns unilaterais ou mesmo ampliando e robustecendo alianzas baseadas nas vantaxes militares ou tecnolÃxicas actuais que aÃnda lle proporcionan un poder respectable en dimensiÃ³ns parciais das relaciÃ³ns internacionais.

Mermada no seu protagonismo, a entrega da UE Ã actual estratexia estadounidense prÃvana dunha autoridade que outros actores quixeran recoÃ±ecer como exercicio da sÃ³a autonomÃa global. Pero non parece que vaia a ser asÃ. A Europa institucional asiste de brazos cruzados Ãs semifinais dunha transiciÃ³n que, pola contra, deberÃa permitirle, como a XapÃn, emanciparse e recuperar un sentido propio da normalidade histÃrica.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Outros ARQUIVO

## IDIOMA

Galego

## Date Created

Outubro 1, 2008

## Meta Fields

**Autoria :** 3717

**Datapublicacion :** 20081001